

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MATRIMONIO CIVIL DO CONCELLO DO PORRIÑO**

*Aprobación: 26/12/2011 - B.O.P. : 16/03/12*

### Artigo 1.- Natureza e fundamento legal

De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, e nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello do Porriño establece a taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonios civís.

### Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade administrativa iniciada e desenvolvida con motivo da prestación do servizo de matrimonios civís, incluso cando o citado matrimonio non se celebre por causa imputable aos contraentes e suxeitos pasivos da taxa.

### Artigo 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas que soliciten a celebración do matrimonio civil ou aos que se preste o servizo de matrimonio civil, para cuxa celebración se iniciase o expediente.

### Artigo 4.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír cando o interesado presenta a solicitude para a celebración do matrimonio civil.

### Artigo 5.- Normas de Xestión

1.- A taxa farase efectiva xunto coa presentación da solicitude na Tesourería Municipal ou na entidade financeira colaboradora, debéndose xuntar carta de pago ou xustificante do ingreso da devandita taxa coa solicitude da celebración do matrimonio civil. Non se tramitará o expediente se non se efectúa o ingreso da taxa correspondente.

2.- O acto de celebración do matrimonio civil desenvolverase ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño ou concelleiro en quen delegue.

3.- A celebración do matrimonio civil desenvolverase no Salón de Plenos do Excmo. Concello do Porriño ou no lugar previamente sinalado ao efecto e habilitado a tal fin.

4.- Permitirase a celebración de matrimonios civís tódolos días laborables. Os sábados unicamente en horario de mañá. Excepcionalmente e, previo acordo co concelleiro autorizante, permitiranse cerimonia calquera outro día.

Artigo 6.- Cota Tributaria.

1.- A contía da taxa que regula a presente ordenanza fiscal será de 100,00 € por expediente e celebración.

2.- Serán de conta dos contribuíntes os gastos de ornamentación e demais propios da celebración, e reparación das dependencias empregadas en caso de deterioro.

Artigo 7.- Devolución.

Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio civil non se celebre por causa imputable a este Excmo. Concello. Entenderase causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras, condutas ou comportamentos dos interesados.

Artigo 8.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Disposición Final.

1.- No non previsto especificamente nesta Ordenanza, estarase á normativa vixente.

2.- A presente ordenanza fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.